

A DANZA DE ALDÁN¹

ORIXE

A súa orixe ao igual que o seu posterior desenvolvemento musical e de execución está vencellado a dúas danzas de similares características do Morrazo –as de Darbo e O Hío na honra de Santa María (celebrada o 8 de setembro) e San Roque (16 de agosto)– ao Entroido de Cobres (Vilaboa) e a outras que se executaban nos barrios vigueses de Lavadores, San Roque, Castrelos e Candeán.

Todas as danzas mencionadas teñen un nexo común, presentan elementos similares como a música (a de Aldán é a mesma ca de O Hío), vestimenta, coreografía e lugar de execución (pazos e igrexas). Nun principio deberon pertencer a un solo rito e despois diversificáronse no momento en que cada parroquia contou cunha identidade propia.

Non é posible precisar con exactitude a antigüidade da danza de Aldán como tal, debido á carencia de documentación explícita ao respecto. Nun documento de 8 de setembro de 1678 no que se constitúe a confraría “del glorioso señor San Sebastián”, aparece citado por primeira vez. Non obstante temos constancia de que se bailaba con anterioridade a esta data xa que así aparece reflectido no mesmo texto. A mesma fonte contén ademais información valiosa sobre o funcionamento da confraría- estatutos, dereitos e deberes dos confrades...

Non hai acordo sobre a orixe: uns sosteñen que é relixiosa na honra de San Sebastián; para outros sería pagá e como outras tradicións foi cristianizada pola igrexa. Tamén hai quen sitúa o inicio da mesma no precristianismo onde existía un forte sentido matriarcal da familia. Hai tamén quen asegura, finalmente, que naceu como imitación das danzas palatinas medievais...

Pódese intuír que nun principio foi bailada polo pobo en agradecemento ou expresión de ledicia e que era de carácter agrícola. Quizais os labregos a bailasen probablemente na época da semente do millo (maio) ou da recollida da colleita (finais de agosto-setembro). Esta última hipótese é a máis acertada e corroborada polas flores que as damas levan nos seus sombreiros, xa que se supón que nun principio eran naturais e nesa época aínda existían flores nos campos.



Elementos como as flores dos sombreiros, o galanteo (as figuras que representan os danzantes teñen un certo toque de sensualidade, os galáns representan unha especie de cortexo dirixido a namorar as damas) fannos supor que nun principio dita danza tivo unha orixe pagá, agora ben, outros como a propia coreografía e o lugar de execución lévannos a supoñer que non sempre debeu ser bailada así.

¹ Paula Veiga Iglesias. *La danza de Aldán: un estudio descriptivo y sociológico*. Departamento de “Didácticas especiales” Universidade de Vigo (curso 2003-2004).

Nun principio as hipóteses mostran un baile sen preparación nin coreografía e que, cando se cristianizou, pasou a desenvolverse dunha maneira concreta. A advocación ao santo vincúlase a unha peste que asolou a Vila no 1517, pero crese que a cristianización podería ser xa anterior. Os que manteñen que a súa orixe sempre estivo ligada ao santo especulan con que dita danza se trasladou de agosto-setembro a xaneiro para facela coincidir coa data do santo.

Non cabe dúbida de que os pasos coreográficos que actualmente presenta a danza lembran os que se bailaban entón na Corte (danzas baixas e minué). Os nobres mantiñan relacións uns cos outros e tamén coa realeza e por iso ditos bailes puideron chegar facilmente a estas terras. Os movementos cerimoniais e algo sofisticados das venias iniciais ao santo lembran en certo modo as reverencias destas danzas palatinas, tamén ao portar os galáns o comezo da danza o sombreiro na man, os pasos a ras do chan, a posición baixa dos brazos das damas, as voltas e os punteos, os desprazamentos laterais, as evolucións e traxectorias variadas e complexas, a música...

O alcume de farsas de damas e galáns aludiría á imitación dos bailes palatinos que facían ao seu xeito os labregos da zona, no que se pode percibir unha forma de obrigada colaboración co señor do pazo no seu rol de mordomo ou confrade principal.

A DANZA


Interprétase todos os anos o 20 de xaneiro na honra de San Sebastián. Actualmente realízanse tres representacións. A primeira ao lado da igrexa, despois da misa principal durante a procesión do santo (bailada completa). A segunda ás catro e media no Torreiro, diante do Pazo, e a terceira as seis na Alameda.

A preparación da festa corre a cargo do mordomo, persoa que se ofrece voluntaria (ao igual cos danzantes) para tal fin, normalmente por unha promesa feita ao santo. Este encargárase de buscar os danzantes, os gaiteiros; arranxar a igrexa. Pola escaseza de mordomos e pola idea de conservar e celebrar ano tras ano dita danza, en 1993 nace a “Asociación cultural San Sebastián”.

Para executar dito baile necesítanse once homes (dez galáns e un guía, sen límite de idade) e cinco mulleres (as damas deben ser solteiras). Era obrigado un ensaio o do día anterior á danza, pero actualmente realízanse tres ou catro antes do día 20.

O traxe denota a evolución sufrida pola danza co paso do tempo. O máis salientable é o das damas pois crese que cambiou menos, xa que se gardaba simplemente dun año para outro. Componse basicamente de sombreiro de copa e de ala ancha de palla, adornado con flores de tea e cintas de cores; blusa, faldón e enaguas brancas adornados con puntilla; mantón de Manila, mandil de veludo negro, panos de cores vivas colgando a cada lado do faldón, zapatos negros pechados, medias marróns, numerosas xoias (colares, broches e pendentes vistosos); o peiteado ao cadrelo (postizo na maioría dos casos).





O vestuario dos galáns cambiou máis segundo as modas. Consta de traxe e sombreiro negro (de ala ancha e ríxida), camisa branca, garabata gris e a banda coas cores propias do santo, acompañanse de castañolas.

Os danzantes sitúanse en tres filas, na central as cinco damas e por ambos lados as dúas filas de cinco galáns, o guía situarase no centro cara os danzantes. Antes de comezar a bailar (dando volta a igrexa) hai unha especie de preparación (venias) cando empeza a música o guía dá o sinal para comezar. O movemento básico consistirá en ir danzando cara a esquerda e a dereita repetidamente e de forma irregular (o guía fará os pertinentes axustes). Os movementos dos brazos das damas serán ata a cintura mentres que os homes os levarán en alto tanxendo as castañolas durante todo o desenvolvemento da danza. Ao rematar cada figura, faise unha especie de punteo e danse dúas voltas, á primeira cara a dereita e a segunda á esquerda. Ao finalizar a danza e sen parar a música comeza a muiñeira (contradanza) na cal cambia o paso base, realizándose este sen moverse do sitio. Despois de variadas figuras soará a música inicial para a continuación seguir coa procesión avanzando cara atrás ata o adro, onde se danzará ata que as imaxes se recollan.

A música que acompaña a danza consta de dúas pezas monódicas baseadas na típica repetición a modo de secuencia de seccións melódicas con semicadencias e cadencias conclusivas. A partitura aparece documentada en 1942. A melodía é de carácter tonal e sen demasiados adornos debido o carácter danzante rápido da mesma. A instrumentación é a de gaita e tamboril acompañada en todo momento polas castañolas tanxidas polos galáns (acompañamento non incluído en dita partitura).

A danza é o resultado da súa orixe, evolución e preservación. Expresión inicialmente utilitaria que se foi enriquecendo a través das épocas. Elemento vivo que fusiona un pasado cun presente e que se converteu hoxe en día no sinal de identidade do pobo de Aldán.